

INNOVA EMPRESA. UN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO DIXITAL

JOSÉ A. DÍEZ DE CASTRO

Descrición dos materiais producidos

Os materiais producidos no primeiro ano refírense a dous apartados:

- Dunha banda, o web del programa de doutoramento dentro da plataforma WebCT da USC. Incorpora páxinas para todos e cada un dos cursos do programa. Contén materiais didácticos adaptados ao curso para catro deles, destacando especialmente dous de comercialización, pola súa amplitude, exactitude e utilidade para o alumno. Representan, certamente, o espello onde deben mirarse os demais a partires deste próximo curso.
- Doutra, a adquisición dun equipo Polycom ViewStation, sistema de comunicacións de vídeo de alta calidade e de fácil emprego. Este equipo de comunicacións permite un vídeo realzado de alta calidade, son con supresión de ruídos e ecos, reunións de videoconferencia naturais con cámara rastreadora de voz que se enfoca automaticamente no orador, sistema de presentacións integrado que facilita o uso compartido de gráficos e transparencias, así como o emprego alternativo de internet ou a rede telefónica para realizar a videoconferencia.

Descrición das tarefas realizadas por cada membro

- Emilio P. Díez de Castro
 - Sesións titorizadas a distancia dende a Universidade de Sevilla
 - Sesión colectiva de videoconferencia
- Begoña Barreiro Fernández; José A. Díez de Castro
 - Selección técnica
 - Desenvolvemento de materiais didácticos para os seus cursos
- Emilio Ruzo Sanmartín, José M. Barreiro Fernández
 - Desenvolvemento de materiais didácticos para os seus cursos

Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

Os principais obxectivos plantexados foron os seguintes:

- Deseño de materiais e desenvolvemento de propostas de traballo cooperativo a distancia. ACADADO AO 80%. Publicouse por primeira vez unha web para un programa completo de programa de doutoramento. En todos os cursos incorporouse unha información básica sobre o curso e o profesor. En tres cursos do período de docencia, publicáronse materiais didácticos de resumo, orientación, e liñas de investigación. Fixéronse probas para incorporar materiais audiovisuais que se levarán a cabo no curso 2005-06.
- Propiciar a incorporación de directivos empresariais á realización de programas de doutoramento. OBXECTIVO ACADADO AO 100%. Máis do 75% do alumnado son persoas que traballan regularmente en empresas e institucións españolas e portuguesas.
- Propiciar a incorporación de estudantes estranxeiros á realización de programas de doutoramento. OBXECTIVO ACADADO AO 100%. A metade do alumnado do curso (12) son de nacionalidade portuguesa.
- Capacitar ós docentes na metodoloxía constructivista, a través do traballo grupal (de docentes e estudantes) e dunha aproximación de carácter experimental ás diversas temáticas. OBXECTIVO ACADADO AO 50%. En varios cursos se incorporou o traballo grupal no alumnado, insistindo en todos eles no carácter empírico e de preparación para investigación aplicada. Está pendente a necesidade de incorporar esta mentalidade ao profesorado, para coordinar e levar conxuntamente proposicións de traballos do alumnado.

Grao de cumprimento do plan de traballo

O plano de traballo bianual seguía o seguinte esquema:

1. Curso académico 2004-2005. No primeiro ano do proxecto os esforzos centraríanse no desenvolvemento das clases audiovisuais de seis cursos do Programa 2110-04-1 "Economía e Administración de Empresas". O resultado final consistiría en seis materiais didácticos, con uns "interfaces" que incorporaran a clase do profesor gravada en video, o índice da clase e transparencias sincronizadas co video do profesor e o índice. Isto implicaría a realización das seguintes tarefas:
 - Reunión dos profesores implicados no proxecto para programar o desenvolvemento secuencial dos materiais didácticos.
 - Adestramento dos profesores implicados no manexo de aplicacións informáticas de deseño e creación de entornos virtuais (Macromedia Flash MX, Dreamweaver MX, Frontpage, etc.).
 - Reunión dos profesores cos alumnos dos cursos implicados para a comunicación de metodoloxías didácticas, sistemas de aprendizaxe e sistemas de avaliación.
 - Xeración de materiais didácticos baseados nas premisas anteriormente explicadas.

O cumprimento do plan de traballo foi só parcial. O motivo principal debiuse ao libramento da cantidade do proxecto xa no ano 2005, o que fixo inviable que o comezo das clases poidera incorporar a nova metodoloxía. Ademais, produxose unha demora importante pola elección definitiva do equipo de videoconferencia. Localizouse un equipo moito máis versátil e potente, que finalmente foi elixido. Este proceso de selección e localización dun novo proveedor provocou un retraso de varios meses, o que fixo que o novo equipo de videoconferencia non estivera dispoñible ata o mes de maio de 2005.

En consecuencia, se ben poido desenvolverse o web do programa, os programas de formación e a xeración de materiais didácticos audiovisuais, non poideron completarse a tempo, polo que quedaron pendentes para o vindeiro curso.

2. Curso académico 2005-2006. No segundo ano do proxecto farase un especial énfase na extensión do sistema de aprendizaxe a través de videoconferencias de profesores doutras universidades. Con esta perspectiva, no pasado 2004 presentouse ao Consello de Departamento unha proposta para a nova edición do Programa de Doutoramento que incorporó profesores doutores das universidades de Sevilla, Almería e Rey Juan Carlos.

Estes cursos (catro en total) serán impartidos parcialmente polo sistema de videoconferencia. Asimesmo procederase a desenvolver os materiais audiovisuais pendentes no primeiro ano. Deste xeito, ó final do segundo ano debería estarse en disposición de poder realizar o doutoramento de forma on-line dende calquera país de orixe e, por tanto, admitir alumnos que non poden desprazarse ó longo de todo o curso académico á nosa Universidade.

Valoración da experiencia

As actuais tendencias nas organizacións universitarias diríxense a propiciar o desenvolvemento de sistemas non presenciais. No caso concreto do Programa de Doutoramento "Economía e Administración de Empresas" as presións neste sentido proceden de dúas fronteas:

- O perfil do alumno, que responde maioritariamente a un profesional da empresa pública ou privada, e, por tanto, ten dificultades para asistir de xeito continuado ou sistemática a clases presenciais.
- A proliferación de un gran número de alumnos procedentes de universidades portuguesas, cuos desprazamentos periódicos é unha tarefa complicada, o que precisaría dun sistema que alivie as súas obrigas de viaxe continuada.

Asimesmo detectouse nos últimos anos unha enorme demanda de formación de doutoramento por parte de alumnos hispanoamericanos e de outros países europeos. Co actual sistema de matrícula é moi difícil dar unha solución axeitada a este problema. No caso de que este proxecto fose desenvolvido, podería realizarse o doutoramento dende fóra da nosa comunidade e atender esta demanda insatisfeita.

A maneira de facer fronte a estas limitacións, levounos a deseñar un programa de doutoramento que, mediante a implantación progresiva de tutorías electrónicas e videoconferencias permitira dispor de profesores de elevado nivel doutras universidades sin incrementar en demasía os requerimentos para os alumnos nin o custo do programa.

O balanço do primeiro ano é moi satisfactorio. O único profesor externo que impartiu doutorado poido compaxinar dabondo a parte presencial, o seguimento a distancia, e o remate colectivo virtual. Esta última sesión tivo lugar dende o seu propio despacho na facultade de ciencias económicas e empresariais de Sevilla, coa comodidade para o devandito profesor. Como xa indicamos, no vindeiro ano, incorpóranse outros tres profesores de prestixio (dous de eles con sexenios de investigación e outro titular dunha cátedra de empresa familiar). Para un campus como o de Lugo, esta é unha grande vantaxe a hora de organizar programas de doutorado. Moito máis aínda, pode ser o xerme para estender esta posibilidade ao primeiro ou segundo ciclo, mediante conexións dende o aula co despacho dun determinado profesor para temas puntuais dun temario.